

ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO DE FERROL

Procedemento	Procedemento aberto simplificado/pluralidade de criterios/tramitación ordinaria	
Obxecto	Servizo de produción e execución da Cabalgata dos Reis Magos de 2020	
Número expediente	AVS 05101 19/11	Cívidas 2019116502
Lugar:	Sala de Comisións do Concello de Ferrol	
Data	27 de novembro de 2019	
Hora de inicio	10:30:00	
Hora remate	10:39:00	
Asistentes sen voto	Don Felipe Cotovad Martínez, arquitecto municipal e don Alejandro Padilla Rodríguez, representante do grupo municipal PP.	

Presidente:

Don Julián Reina Villalón, concelleiro delegado da área de Urbanismo e Infraestruturas, Mobilidade, Vivenda e Rehabilitación, Contratación, Centro de Recursos Informáticos e Organización Interna.

Vocais:

Don Rogelio Cenalmor Palanca, xefe de servizo de Contratación; don Antonio Golpe Díaz, concelleiro proponente do contrato (Cultura); don Leopoldo Moure García, secretario xeral; don Vicente Calvo del Castillo, interventor municipal e don Joaquín Martínez Cubero, xefe de servizo (Cultura).

Secretario/a

Dona Flor Maceiras Pérez, xefa de negociado do servizo de Contratación.

A Presidencia da por iniciado o acto.

ORDE DO DÍA**1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior celebrada en data 18/11/2019.**

Se aproba co voto favorable dos vocais asistentes que participaron na sesión anterior.

2.- Dar conta do informe técnico correspondente á valoración do sobre n.º 1 "Oferta de criterios cuantificables mediant un xuízo de valor".

Dase conta do informe técnico que, en data 22/11/2019, emite don Felipe Cotovad Martínez, arquitecto municipal e no que consta o seguinte:

"INFORME:

Por esixencia do trámite administrativo emito o presente informe en relación coa documentación achegada polas empresas que participan no procedemento de licitación arriba descrito, á vista da documentación achegada no sobre 1 (criterios /subcriterios dependentes dun xuízo de valor). No presente informe valórase tecnicamente as propostas achegadas polas empresas nas que se explica o xeito en que van ser desenvolvidos os traballos a realizar, os obxectivos que se pretenden conseguir e os medios para acadalos.

Segundo o PPTP , avaliarase o Sobre 1 cun máximo de 25 puntos, consonte o seguinte esquema:

- **Temática central e o seu desenvolvemento creativo na execución da idea, que fomente os valores solidarios, medio ambientais e dereitos humanos..... Máximo 15 puntos.**

- **Animación entre as carrozas e a súa creatividade e diversidade (charangas, funambulistas, faquires, majorettes...etc) Máximo 10 puntos.**

As empresas admitidas que participan no procedemento son as seguintes:

- 1- JARABE COMUNICACIÓN SLU**
- 2-SERVICIOS DEPORTIVOS GALICIA SL**

A puntuación acadada polas empresas na valoración do sobre 1 é a seguinte:

1- JARABE COMUNICACIÓN SLU

- **Temática central e o seu desenvolvemento creativo na execución da idea, que fomente os valores solidarios, medio ambientais e dereitos humanos.**

JARABE COMUNICACIÓN SLU, achega un dossier completo no que desenvolve de forma pormenorizada os seguintes aspectos:

- *Propón unha duración da cabalgata de 60 minutos, superior aos 45 minutos mínimos recollidos no prego.*

- *A temática proposta para desenvolver a Cabalgata é o “Mundo Máxico”, recollendo en cada carroza distintos persoeiros senlleiros do Mundo “Disney”, cargados de valores e perfectamente recoñecidos polos nenos. A documentación achegada na que se se explica polo miúdo a temática da Cabalgata, considérase dende o punto de vista técnico, moi apropiada e con coherencia entre as distintas carrozas que forman o cortexo. Propón 8 carrozas que é o mínimo recollido no prego, coas dimensións correctas. Contempla as tres carrozas dos Reis Magos, unha carroza especificamente preparada para acoller nenos con diversidade funcional con temática solidaria e dando cabida aos dereitos humanos, neste caso é a carroza “Mundo de Cores”, que será a que reparta os 2000 agasallos requiridos no prego. As carrozas presentadas serán construídas ex proceso para a cabalgata de Ferrol, polo que se valora a exclusividade e a orixinalidade do deseño proposto, así como a coherencia formal e temática do desfile, así como os efectos especiais que contemplan para darlle máis vistosidade ao desfile (actuacións musicais en directo, máquinas de neve, de fume...etc).*

- *Achega a relación de carrozas na orde do desfile e os nove grupos de animación que desfilarán entre elas e que están relacionados coherentemente coa temática de cada carroza. Desglosa o cumprimento da totalidade das características técnicas recollidas nos ANEXOS I e II do PPT, relativos á seguridade e a organización e necesarias por carroza (valado do percorrido, extintores,iluminación, monitores de acompañamento por carroza, persoal asignado ao contrato con nomes e apelidos, etc). Incluso presenta o protocolo a desenvolver para a recollida e entrega dos nenos participantes na cabalgata aos pais.*

- *Achega unha axenda a realizar polos SS. MM. no día 5 de xaneiro dende pola mañá ata a noite. Contempla visita ao CHUF e a residencia MI CASA, así como todas as actividades a desenvolver nesta xornada (Chegada ao Arsenal Militar, recepción en Curuxeiras...etc).*

- *Detalla a decoración do hall do Concello para a recepción dos Reis Magos.*

- *Contempla 2500Kg de caramelos sen gluten e sen azucre.*

Outórgase 12 puntos á proposta neste apartado.

- **Animación entre as carrozas e a súa creatividade e diversidade (charangas, funambulistas, faquires, majorettes...etc).**

- Propón 9 grupos de animación entre as carrozas e relacionados coa temática da carroza que acompaña (zancudos lanza fuegos, malabaristas, arlequíns, bandas de música con temática relacionada, bailes orientais de Bollywood, bailes de danza do ventre...etc). A animación proposta pola empresa enténdese moi variada e coherente coa temática da Cabalgata proposta. Achega plano de distribución da animación que propón na organización xeral da Cabalgata.

Outórgase 8 puntos á proposta neste apartado.

JARABE COMUNICACIÓN SLU, TOTAL SOBRE 1 20 puntos

2-SERVICIOS DEPORTIVOS GALICIA SL

- **Temática central e o seu desenvolvemento creativo na execución da idea, que fomente os valores solidarios, medio ambientais e dereitos humanos.**

SERVICIOS DEPORTIVOS GALICIA SL, achega un dossier no que desenvolve de forma pormenorizada os seguintes aspectos:

Achega unha proposta de cabalgata titulada "Fantasía e Maxia", pero non describe a temática nin a proposta artística que articula o desfile, nin a súa duración. Unicamente achega unha relación das 8 carrozas que forman a proposta pero non se atopa moita coherencia na relación que se propón. Contempla unha carroza temática solidaria chamada "Paremos o cambio climático". Integra aos nenos con diversidade funcional entre as distintas carrozas, no canto dunha carroza adaptada unicamente como recolle o Prego. Na proposta achegada contempla un aforo máximo 10 nenos. As carrozas dos Reis Magos propostas, dado o seu deseño, fan imposible que poidan levar nenos. Propón que cada carroza conte cunha máquina de fume de confeti. (Parece incoherente á vista das carrozas dos Reis Magos propostas).

Non recolle a orde e composición da Cabalgata, pero si aclara o acompañamento das distintas carrozas no apartado de animación entre as carrozas.

- Achega unha axenda a realizar polos SS. MM. no día 5 de xaneiro dende pola mañá ata a noite. Contempla visita ao CHUF , ao Centro de Atención a Minusválidos e a residencia MI CASA, así como todas as actividades a desenvolver nesta xornada (Chegada a Curuxeiras...etc).

- Contempla e describe a organización dos nenos que formarán parte da Cabalgata, de forma moi sucinta.

- A proposta non contempla a entrega de 2500 Kg de caramelos, nin a entrega de agasallos como recolle o prego.

- **Animación entre as carrozas e a súa creatividade e diversidade (charangas, funambulistas, faquires, majorettes...etc).**

Achega a relación de animación con que conta a proposta, así como a que carroza acompañan. Propón 9 grupos de animación entre as distintas carrozas, con certa relación entre a temática da carroza que acompañan e o propio grupo de animación.

A Proposta achegada non recolle a totalidade dos mínimos esixidos polo PPT, polo que se propón a súa exclusión do procedemento de licitación.

O que se informa aos efectos oportunos."

Tendo en conta o informado e considerando o disposto na cláusula 9 do PPT que establece que únicamente serán obxecto de valoración as propostas ou proxectos presentados que cumpran a totalidade dos requisitos mínimos esixidos nos Anexos I e II do referido documento; a Mesa de Contratación Permanente, co voto favorable de todos os vocais asistentes, acordou:

- REXEITAR a oferta presentada por SERVICIOS DEPORTIVOS GALICIA, SL..
- PONDERAR, coa puntuación outorgada polo técnico municipal, a oferta presentada por JARABE COMUNICACION, SLU.

3.- Apertura, en acto público, do sobre nº 2 “Oferta de criterios valorables en cifras ou porcentaxes”. Adopción de acordo/s.

Sendo acto público, se comproba a presenza de asistentes.

- Público asistente: unha representante da empresa JARABE COMUNICACIÓN, SLU.

Se informa á asistente; do procedemento seguido; das tres ofertas presentadas ao remate do prazo de licitación; da empresa inadmitida por non cumprir co requisito recollido no apartado 10 do Anexo I do PCAP; da empresa rexeitada, en aplicación do disposto na cláusula 9 do PPT, posto que a súa proposta non cumpre coa totalidade dos mínimos recollidos no PPT e da única empresa que resultou inicialmente admitida, así como do resultado total da valoración técnica realizada a dita proposta (sobre nº 1). Se lle invita a formular preguntas ou solicitar aclaracións ao respecto, si así o estima convinte. A continuación se lle ofrece a posibilidade de revisar que o sobre obxecto de apertura pública, está pechado e tal e como se presentou no Rexistro Xeral do Concello.

A asistente declina as invitacións que lle formula a Mesa de Contratación Permanente.

De seguido; se da conta do tipo de licitación recollido nos pregos: 49.503,76 €, sen IVE e da cantidade correspondente ao límite da baixa desproporcionada, 37.127,82 €, sen IVE; todo iso en aplicación do disposto no artigo 85 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o RGLCAP, que establece que se considerarán desproporcionadas ou temerarias as ofertas, cando concurrindo un só licitador, a súa oferta sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.

A continuación, se procede coa apertura do sobre nº 2 “Oferta de criterios valorables en cifras ou porcentaxes”, resultando que a empresa JARABE COMUNICACIÓN, SLU se compromete á execución do contrato do seguinte xeito:

- Importe económico sen IVE: 43.500,00 €
- Melloras sen custe para o Concello:
 - Incremento de 600 Kg de caramelos; sobre o mínimo (2500 Kgs) esixido no PPT.
 - Incremento de 600 pequenos obsequios; sobre o mínimo (2000 unidades) esixido no PPT.
 - Incremento de 3 grupos de animación; sobre o mínimo (9 grupos) esixido no PPT.
 - Incremento en 2 carrozas; sobre o mínimo (8 carrozas) esixido no PPT. O licitador acompaña documentación descriptiva.

Tendo en conta a oferta económica presentada; visto que o licitador oferta melloras sen custe

para o Concello e achega documentación esixida nos pregos para dito suposto; considerando ademáis o importe de licitación e o límite da baixa temeraria; a Mesa de Contratación Permanente, co voto favorable de todos os vocais asistentes, acordou:

- REQUERIR INFORME TÉCNICO para a valoración global da única oferta presentada.
- REQUERIR á empresa JARABE COMUNICACIÓN, SLU para a presentación de documentación, nos termos establecidos na cláusula 27 do PCAP; condicionando á adjudicación ao seu favor á presentación favorable de toda a documentación requirida nos pregos. ADVERTÍNDOLLE das consecuencias de non cumprimentar adecuadamente o requerimento no prazo concedido.

Remata o acto e o asistente abandona a sesión.

Remata a sesión. De todo o que, eu, secretaria DOU FE.

DILIXENCIA: *Unha vez aprobada a presente ACTA, na sesión da Mesa de Contratación Permanente celebrada en data 11/12/2019.; asinan dixitalmente o Presidente e a secretaria na data que consta na sinatura dixital.*